

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL PARA A PROVISIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO DE TRES POSTOS DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE VIXIANCIA E ASISTENCIA NAS PRAIAS AO ABEIRO DOS DENOMINADOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN**

En Bergondo, trece de xullo de dous mil dezasete, ás trece horas, reúnen-se na Casa Consistorial do Concello de Bergondo, coa presidencia de D. Óscar Cendón García, os/as señores/as integrantes do tribunal cualificador que se constitúe para valorar os méritos dos aspirantes ós tres postos de socorristas segundo as bases reguladoras desta convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data catro de xullo de dous mil dezasete e nº 637/2017.

Está constituído o referido Tribunal na seguinte forma:

**PRESIDENTE:** O Policía Local: D. Óscar Cendón García.

**SECRETARIA:** A administrativa: Dna. María Rosa Calviño Calvete.

**VOGAIS:**

A auxiliar administrativa: Dna. Sandra María Anido Freire.

A administrativa: Dna. María Milagros Fariñas Crego.

O Tribunal ten á súa disposición o expediente completo con todos os antecedentes necesarios e no que constan, entre outros, a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as neste proceso selectivo, aprobada por Decreto de Alcaldía núm. 674/2017 do día 13 de xullo.

O Sr. Presidente declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, procédese á realización da fase de concurso valorándose os méritos na forma prevista na base terceira das específicas da convocatoria reguladora destes postos de traballo.

De acordo coas bases reguladoras deste concurso os resultados producidos foron os seguintes:

| NOME E APELIDOS            | D.N.I.       | A-1.<br>EXPERIENCIA:<br>0.10 POR MES<br>ATA UN MÁX.<br>DE 6 PUNTOS. | A-2.<br>PUNTUACIÓN MÁXIMA: 5 PUNTOS |                   |                       |                 | TOTAL |
|----------------------------|--------------|---|-------------------------------------|-------------------|-----------------------|-----------------|-------|
|                            |              |   | Celga III:<br>0.25                  | <20<br>h:<br>0.10 | De 20 a<br>40 h: 0.30 | + 40 h:<br>0.50 |       |
| García Sestayo, Fernando   | 47.436.533-E | 0.20  | 0.25                                |                   |                       |                 | 0.45  |
| García Varela, Constantino | 32.711.063-A | 1   | 0.50                                | 0.30              | 0.90                  | 0.5             | 3.20  |
| Vázquez Amado, Juan        | 79.342.165-P | 0.30  |                                     | 0.30              |                       |                 | 0.60  |

A continuación, e de acordo co previsto nas bases, o tribunal acorda publicar a relación de aspirantes e as puntuacións finais obtidas.

O Tribunal, á vista do actuado, **ACORDA:**

**Primeiro.** Declarar aprobados aos seguintes aspirantes:

| <b>NOME E APELIDOS</b>     | <b>DNI</b>   |
|----------------------------|--------------|
| García Sestayo, Fernando   | 47.436.533-E |
| García Varela, Constantino | 32.711.063-A |
| Vázquez Amado, Juan        | 79.342.165-P |

**Segundo.** Na súa consecuencia, propoñer á alcaldía-presidencia o nomeamento como socorristas aos aspirantes aprobados e nomeados anteriormente, nos termos previstos nas bases da convocatoria.

**Terceiro:** Os/as aspirantes propostos/as deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Bergondo, e dentro do prazo de tres (3) días hábiles, dende que se faga pública a relación de aprobados/as, os documentos indicados na Base 9ª da convocatoria.

Non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematada a mesma, ás trece e cuarto horas, redactándose a presente acta que suscriben os membros do Tribunal. Dou fe.

O Presidente.

Os vogais.

A Secretaria

